

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



ALFREDO ESTRELLA / AFP

Tolerancia es prestar especial atención a los grupos socialmente desfavorecidos, como los emigrantes y desplazados. En la imagen, la marcha de sudamericanos que tratan de llegar a Estados Unidos

Respetar no es ni indulgencia ni indiferencia

El 16 de noviembre se celebra el Día Internacional de la Tolerancia

«La ONU se compromete a fortalecer la tolerancia mediante el fomento de la comprensión mutua entre las culturas y los pueblos. Este imperativo está en la base de la Carta de las Naciones Unidas y de la Declaración Universal de los Derechos Humanos y es más importante que nunca en una era en la que el extremismo y el radicalismo violentos van en aumento y los conflictos se caracterizan por un menosprecio fundamental de la vida humana». Los países miembros de la Unesco adoptaron en 1995 la declaración de principios sobre la tolerancia, que afirma que esta no es indulgencia o indiferencia, sino respeto y saber apreciar la riqueza y variedad de las culturas del mundo y las distintas formas de expresión de los seres humanos.

1. QUIÉN

Quiénes debemos ser tolerantes

■ Es esencial que los individuos, las comunidades y las naciones acepten y respeten el carácter multicultural de la familia humana.

■ Se debe prestar especial atención a los grupos socialmente desfavorecidos para protegerlos con las leyes y medidas sociales, especialmente en materia de vivienda, empleo y salud; respetar la autenticidad de su cultura y sus valores y facilitar su promoción e integración social y profesional, en particular mediante la educación.

2. QUÉ

Qué es la tolerancia

■ La tolerancia consiste en el respeto, la aceptación y el aprecio de la rica diversidad de las culturas de nuestro mundo, de nuestras formas de expresión como humanos.

■ La fomentan el conocimiento, la actitud de apertura, la comunicación y la libertad de pensamiento, de conciencia y de religión. La tolerancia consiste en la armonía en la diferencia.

3. DÓNDE

El campo de aplicación

■ Nuestra época se caracteriza por la mundialización de la economía y una

aceleración de la movilidad, la comunicación, la integración y la interdependencia, la gran amplitud de las migraciones y del desplazamiento de poblaciones, la urbanización y la transformación de los modelos sociales. La educación es el medio más eficaz de prevenir la intolerancia.

4. POR QUÉ

Razones para ser tolerantes

■ La razón urgente: intensificación actual de los actos de intolerancia, violencia, terrorismo, xenofobia, nacionalismo agresivo, racismo, antisemitismo, exclusión, marginación y discriminación perpetrados contra minorías nacionales, étnicas, religiosas y lingüísticas, refugiados, trabajadores emigrantes, inmigrantes y grupos vulnerables de la sociedad.

5. CÓMO

Formas de actuación

■ Practicar la tolerancia no significa tolerar la injusticia social ni renunciar a las convicciones personales o atemperarlas. Significa que toda persona es

libre de adherirse a sus propias convicciones y acepta que los demás se adhieran a las suyas.

■ Significa aceptar el hecho de que los seres humanos, naturalmente caracterizados por la diversidad de su aspecto, su situación, su forma de expresarse, su comportamiento y sus valores, tienen derecho a vivir en paz y a ser como son.

6. CUÁNDO

Día internacional: visita de las escuelas a la ONU

■ El próximo viernes, día 16, las Naciones Unidas organizan, en colaboración con YouTube, un pase de cortometrajes de los *Creators for Change* (Creadores del cambio) en la sede de Nueva York. Con este motivo se celebrarán una serie de debates a los que asistirán grupos de estudiantes. El acto contará con la actuación de uno de los creadores, L-FRESH The Lion, para celebrar los 70 años de la Declaración Universal de Derechos Humanos. Toda la información la encontrarás aquí: <http://www.un.org/es/events/toleranceday/>

> 4-5

Tennessee Williams, un autor marcado por su infancia



> 6

Os problemas para acadar un acuerdo de «brexit»



> 7

Balmis y los niños de la vacuna de la viruela



Tolerancia ou intolerancia, un xogo de actitudes

I Neste tema tan importante non basta con definir. É necesario mollarse un pouco máis e ver cal é de verdade o comportamento real que tes. De aí os tres pasos que pretendemos desenvolver. Resulta imprescindible chegar a un acordo sobre o que gardan dentro de si as palabras tolerancia ou intolerancia. Pero non chega con quedar aí, repetindo no alto

o que o dicionario che di e o costume de oír tanto esas dúas palabras, sen sometelas despois á realidade vital de todos os días: que xogos ou con que sutís palabras quedas cando de verdade chega o momento de ser coherente na túa vida e, no canto de ser de verdade tolerante, cambias de lentes e imaxinas sutís desculpas? > **Jesús Garrido**



MARCOS MÍGUEZ

A forma de acoller a refuxiados e emigrantes para favorecer a súa integración é un índice de tolerancia

1. TOLERANCIA

- Levar con paciencia algo que che ocorre na vida e que, ás veces, non ten remedio: as cousas, o clima, a enfermidade, persoas que che arrodean coas que non te entendes ben, dificultades que xorden e non son fáciles de superar, etcétera.
- Resistir, soportar, especialmente un alimento, un medicamento...
- Respetar as ideas, crenzas ou prácticas dos demais cando son diferentes ás propias.
- Deber non só moral, político e legal para os individuos, os grupos e os Estados.
- Respeto aos dereitos humanos universais de todas as persoas e grupos.
- Respeto á igualdade de oportunidades de todos os grupos e individuos na sociedade.
- Respeto á comprensión mutua entre as diversas culturas e os pobos.
- Saber apreciar a riqueza e variedade das formas de expresión dos seres humanos.
- Respeto á diversidade de relixións, linguas e etnias en todo o mundo.
- Respeto á seguridade e a dignidade das persoas en todo o mundo.
- Fortalecer o contrato social entre os países de acollida e os refuxiados e emigrantes.

2. INTOLERANCIA

- A intolerancia nace a miúdo da ignorancia e do medo ao descoñecido, ou dun sentido esaxerado do valor do propio. Por iso, é necesario educar sobre o tema e ensinar a tolerancia e os dereitos humanos aos nenos.
- A intolerancia é máis perigosa cando se usa con fins políticos ou territoriais. Úsanse argumentos falaces, manipúlanse os feitos e as estatísticas e méntese á opinión pública. O mellor xeito de combatelo é promover leis que protexan o dereito á información e a liberdade de prensa.
- A intolerancia na sociedade é a suma das intolerancias individuais. Por iso, debemos examinar o noso papel no círculo vicioso que leva á desconianza e á violencia na sociedade e preguntarnos:

son unha persoa tolerante?, xulgo os outros con estereotipos?, rexeito os que me parecen diferentes?

3. ACTITUDES

■ Xa sabemos que, en xeral, cando falamos cos alumnos, todo o mundo entende o sentido da tolerancia e todos están conformes coa necesidade de traballar contra os feitos de intolerancia que, con frecuencia, aparecen nas noticias que nos achega o xornal. Con todo, pode ser que esa actitude tolerante quede, ás veces, nun bo desexo e, na vida real, existan actitudes difusas e que non levan a unha participación efectiva a favor da tolerancia entre todos en diversos temas importantes.

De aí este xogo con lentes: pór en práctica a actitude real que defendemos.

■ **Lentes do todo ou nada:** un cristal negro, outro branco. É a persoa que se sente magnetizada polos extremos. Calquera noticia lévalle exclusivamente a un dos dous polos: salta do nunca ao sempre se fixo así. Posición extrema, e non hai quen a mova...

■ **Lentes negativas:** os dous cristais ben escuros. Sempre se fixa, e insiste, no aspecto negativo das noticias. Os seus comentarios están cheos de peros. Pensar así... un pouco mal, ten vantaxes: se saen ben as cousas, sorte. Se saen mal... xa o dicía eu.

■ **Lentes adiviñas:** os dous cristais telescópicos. Xogan a que coñecen moi ben as persoas e presumen de adiviñar futuros. Case nunca fan un mínimo esforzo para comprobar se esas supostas adiviñas son certas ou non. Non se moven.

■ **Lentes con dirección única:** cristais con frechas de dirección obrigatoria. «Sucedeu unha vez...», «Recordo eu que...». E iso basta para non admitir facilmente novos datos. A xente, din, volverá actuar do mesmo xeito. Fácil defensa para non intentar cambio ningún.

■ **Lentes diverxentes:** os dous cristais seguen direccións opostas, un cara á esquerda, outro cara á dereita. «Non sei, neste momento... por unha banda si, e por outra, non». Déixanse invadir por un sentimento confuso... e pensan que xa virán tempos en que todo se aclare.

■ **Lentes centrípetas:** cristais eu eu redondos, cun

debuxo de espiral centrípetas na que acaba todo nun mesmo. Busca sempre na noticia ser, un mesmo, centro de todo: da conversación, da gloria, da propia idea. Só busca quedar ben coa súa opinión.

■ **Lentes do que habería que facer:** cristais con frecha de dirección única. Adoita dicir: «Deberíamos, teríamos que, o que habería que facer é...». Con iso pretende lograr, se coara, dar a coñecer a súa dispoñibilidade ao cambio, pero non fai esforzo por facer algo distinto.

■ **Lentes con etiqueta:** cristais coa etiqueta colgada para que se vexa a marca. Impórtalle máis pertencer a, defender a, que explicar claramente a súa posición e idea. Empéñase en demostrar quen son os demais e que etiqueta levan.

■ **Lentes catastróficas:** cristais rotos, froito da súa propia defensa por manterse así. «Uf, están os tempos para tomar unha decisión e proceder a un cambio...», «Eu non me movo... coa que está a caer, non está o alcacén para gaitas... E recóntache as noticias prosnas do día.

■ **Lentes fatalistas:** sen cristais. Para que ver máis? Non somos donos do noso destino. Algún día tiña que pasar. Presentimento fatal, que máis vale non velo. Propugna a existencia de forzas descoñecidas. Para que facer esforzos? E queda aí.

ACTIVIDADES

1. Dividímonos en dez pares de alumnos en clase e eliximos unha noticia para o debate, ante a cal pode haber diversas actitudes de tolerancia / intolerancia.
2. Compramos dez pares de lentes de plástico, barateiras. E cada par de alumnos adapta a súa lente segundo o papel que ten que representar.
3. Prepara a súa intervención ante esa noticia e o profesor dirixe a sesión, logrando que cada par represente ben o seu papel.
4. Discutimos entre todos por que na vida somos tolerantes ou intolerantes, aínda que ás veces intentamos disimularlo para quedar ben ante os demais e non nos comprometemos de verdade contra a intolerancia e facemos algo para ser máis tolerantes, coas consecuencias diso para a nosa vida.



SANDRA ALONSO

El recreo es un período de juego libre y no estructurado esencial para la salud del niño

¡El recreo es sagrado!

Los descansos entre sesiones lectivas aumentan el rendimiento escolar y la capacidad de atención

i A Antón lo que más le gusta de ir al cole (o quizá lo único) es el momento de salir al recreo. Hoy el inicio de la jornada ha sido especialmente duro: examen de Mates de operaciones combinadas, clase de Lengua Castellana en la que practicaron los tiempos verbales y después exposición oral de trabajos en Ciencias Naturales. Ni un momento para ir al baño, ya que está prohibido salir del aula entre clase y clase. Así que en casi tres horas apenas se ha movido de su silla, y por eso ya tiene las piernas algo entumecidas bajo esa mesita verde algo incómoda para su estatura. Además, su estómago ya empieza a protestar: aunque ha desayunado bien, está deseando sacar cuanto antes de su mochila las rosquillas que se ha traído de casa. «¡Ánimo! —se dice a sí mismo mientras echa una ojeada rápida a su reloj—, en un minuto toca el timbre para salir al recreo». Al igual que la mayoría de sus compañeros, espera ese momento como un balón de oxígeno que le dé fuerzas y energía para acabar la mañana. Ya se lanza miradas de alivio con sus amigos Noelia y Pablo, con los que últimamente juega a una variante del pillapilla muy divertido. Pero es justo en ese momento cuando la profesora aprovecha para anunciar la terrible noticia: «Bueno, me vais a permitir que os robe 10 o 15 minutitos del recreo para explicaros el ciclo del agua, que

así ya damos por terminado el tema 3 del libro y nos queda todo visto para el examen del jueves». ¡Vaya jarro de agua fría! Las protestas más o menos airadas son inútiles. La profesora les recuerda que es voluntario quedarse a la explicación, pero que les conviene atender con interés si quieren aprobar. Adrián lo intenta, pero no lo logra: la frustración, la rabia y la decepción se mezclan con el hambre, el cansancio y las ganas de echar a correr gritando a todo pulmón «¡es injusto!». Desde luego, no está en condiciones de enfrentarse a lo que queda de jornada lectiva con la serenidad y buena disposición necesarias.

El recreo es, para la mayoría de los niños, el mejor momento de sus jornadas escolares. Y hay al menos ocho razones para que los adultos nos lo tomemos muy en serio:

- 1 El recreo es un tiempo fundamental, tan importante y necesario como las clases de Matemáticas o de Lengua.
- 2 Es un período de juego libre y no estructurado esencial para la salud del niño por sus beneficios físicos, psicológicos, emocionales y sociales.
- 3 En ese tiempo descansan la mente, liberan tensiones, canalizan su energía y cargan pilas para lo que les queda de jornada.
- 4 Es el mejor momento para la interacción social, la participación y la

puesta en práctica de las habilidades sociales, tan importantes para alcanzar el éxito personal y social.

5 Jugar con otros niños, o simplemente observar cómo lo hacen los demás, les ofrece una valiosa información para consolidar su forma de ser, aprender a predecir el comportamiento de los demás y poner en práctica habilidades de resolución de conflictos.

6 Está científicamente demostrado que el cerebro es capaz de mantener la concentración una media de 45-60 minutos, no más. Dejar a un niño sin esta pausa provoca una disminución de su capacidad de atención y un aumento de los problemas de conducta.

7 Los niños aprenden, sobre todo, en movimiento. El hecho de exigirles que permanezcan sentados durante varias sesiones es algo que ya va en contra de su naturaleza. El rato del recreo supone, para la mayoría, una forma de desfogar energías.

8 Uno de los sistemas educativos más exitosos del mundo, el finlandés, tiene descansos de 15 minutos cada 45 de clase (aunque pueden decidir dar dos sesiones seguidas de clase y hacer una pausa de 30 minutos). Así consiguen mejorar el rendimiento y el comportamiento de todo el alumnado.

> Ana T. Jack
anatjack@edu.xunta.es

ep ESCUELA DE PADRES

□ **TEMA DEL MES:** ¿En qué invierten su tiempo?

□ **ETAPA:** Educación infantil, primaria y secundaria.

□ **LA FRASE:** «Un niño que no juega no es un niño feliz: deberíamos preocuparnos por los que, por una razón u otra, no lo hacen a la hora del recreo» (Óscar González).

□ **COMPORTAMIENTOS QUE SE DEBEN EVITAR:** Hacer pagar a justos por pecadores en castigos colectivos. Algunas claves: Tener claro que el recreo es un tiempo fundamental para la salud física y mental de niños y niñas.

□ **PARA SABER MÁS:** «Prohibido dejar sin recreo», boletín «Familia y Salud», de la Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria (Aepap): <https://goo.gl/DKPJWE>

Hoy, todos castigados sin salir al patio

«Si no acabas los ejercicios, no sales al recreo». Es una de las amenazas que mejor funcionan para que los más vaguetes se pongan las pilas y acaben su trabajo cuanto antes. ¡Y cómo espabilan algunos! A veces, solo con la advertencia rematan en cinco minutos la tarea que no hicieron en toda una hora de clase. Pero en muchas ocasiones el hecho de no acabar la ficha o los ejercicios a tiempo se debe a otras circunstancias que no se solucionan solo a base de voluntad. Por ejemplo: cuando hay dificultades de aprendizaje, dislexia, trastorno por déficit de atención, lentitud de ejecución, inmadurez motriz, carencias afectivas, trastornos emocionales, problemas familiares... En estos casos, el hecho de dejarlos sin recreo es una decisión poco útil y algo cruel. Es suficiente con observar las caras de desolación que se les pone.

Esta misma reacción anímica es la que suelen provocar los famosos castigos colectivos que no distinguen entre culpables e inocentes: la mayoría (¡pero no todos!) se han portado mal o no han trabajado lo suficiente o se han olvidado el material en casa. Qué injusto y difícil de asimilar para los que pagan el pato por sus compañeros.

Hagamos un esfuerzo por buscar alternativas, que las hay, y más efectivas.

Una educación de calidad empieza con una buena información.

Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter

Reportajes exclusivos
Entrevistas
Informes nacionales e internacionales
Actualidad educativa
DOG, BOE y avisos

Todo está cambiando

> MAESTROS DA LITERATURA UNIVERSAL

Tennessee Williams, a infancia

Neste 2018-19, desde La Voz de la Escuela seguiremos repasando, cunha periodicidade mensual, os grandes escritores da literatura universal, para dar continuidade ao comezado en cursos anteriores. Coa excepción de que este ano non nos limitaremos á divulgación só de grandes novelistas, senón que atenderemos tamén a grandes figuras doutros xéneros literarios como o teatro, que acadaron importancia e transcendencia nas letras de todo o mundo.

En realidade chamábase Thomas Lanier Williams (1911-1983). Nacera en pleno corazón do sur, en Columbia (Mississippi), e ao alcanzar a maioría de idade decidiu cambiar o seu nome polo de Tennessee. Parece ser que o fixo porque así lle chamaban os seus compañeiros de estudos debido á súa orixe e marcado acento sureño. Aos lectores que seguen estas páxinas sobre grandes escritores da literatura universal que publicamos mensualmente non lles sorprenderá comprobar, unha vez máis, como unha infancia desgraciada vai condicionar a vida e a obra de moitos deles. O caso deste gran dramaturgo que foi Tennessee Williams é un máis desta longa lista.

UNHA VIDA MOI DIFÍCIL

A infancia de Tennessee non foi fácil. Fillo do reitor dunha igrexa episcopal, un home de carácter violento, e dunha nai sobreprotectora, desenvolveu unha personalidade introvertida e mediatubunda. O seu talento para a escritura desenvolveuse durante un período no que a difteria obrigáalle a gardar cama. A súa nai, sempre pendente do fillo, regaloulle unha máquina de escribir e o mozo Thomas descubriu na escritura unha forma cómoda de evadirse dun mundo que lle resultou sempre hostil e no que se sentía perdido. O pai foi degradado na súa carreira militar pola súa falta de responsabilidade e terminou de viaxante dunha fábrica de zapatos, oficio no que o tiña sempre fóra de casa.

A súa irmá Rose, afectada por unha enfermidade mental que se ía repetindo xeracionalmente na súa familia, pasou a vida entre psiquiatras, foi sometida a unha lobotomía e terminou internada nun manicomio. A tolemia da súa irmá espertou nel un gran sentimento de tenrura, e foi unha fonte constante de preocupación persoal. Tamén foi obxecto de atención a través de moitos dos personaxes do seu teatro, neuróticos, paranoicos e con grandes traumas psicolóxicos.

Polo tanto, é a vida a que lle ofrece os modelos humanos das súas criaturas literarias, pero a influencia de Rose na vida e na obra do irmán non é só metafórica: Williams adoitaba usar citas textuais da súa nai e da súa irmá, que lle resultaban «inspiradoras e encantadoras no seu xeito de falar». «O maior trauma da miña vida foi a traxedia da miña irmá, que tiña o mesmo problema nervioso co que eu vivo e que lle resultou insoportable, e decidiu escapar», escribiu Williams ao seu axente nunha carta datada en 1942.

Con aquela máquina de escribir que lle regalara a súa nai empezou pronto a súa carreira literaria. Aos 14 anos pre-

sentou un artigo a unha revista e con el conseguiu o seu primeiro premio literario, un terceiro posto polo que cobrou 15 dólares e a satisfacción de ver por vez primeira a súa firma en letras de molde. E a partir de aí empezou a súa independencia: percorreu varias cidades de California, e en 1929 matriculouse na Universidade de Missouri, en Columbia. Alí foi onde os seus compañeiros de estudos acumárono Tennessee.

Cando tivo que abandonar os estudos por falta de diñeiro, traballou de ascensorista e de porteiro de hotel. En 1935, Williams escribiu a súa primeira obra interpretada publicamente. *Cairo, Xangai, Bombai!* foi representada por primeira vez en Memphis. Marchou a Nova York, cunha pequena bolsa de estudos pero axudándose dun traballo, agora de camareiro. Xa entón, a pesar destas dificultades, tiña claro que a súa vocación era escribir, e non desistiu nunca. O seu empeño non foi nada fácil, pois o seu carácter non lle axudaba: era moi tímido, sensible, hipocondríaco e homosexual. Por se este cadro psicolóxico non fora dabondo, nunca superou o sufrimento de ter unha irmá esquizofrénica.

HOLLYWOOD

Despois de ser declarado non apto para o Exército, o que lle evitou así ser enviado a Europa, á guerra na que acababa de entrar o seu país, foi vivir a Nova Orleáns, ao barrio francés, onde escribiu *Un tranvía chamado desexo* (1947), e ao pouco tempo trasladouse a Hollywood, onde foi contratado polas grandes compañías cinematográficas para que

UNHA MÁQUINA DE ESCRIBIR, AGASALLO DA SÚA NAI, PERMITIULLE EVADIRSE DUN MUNDO HOSTIL NO QUE SE SENTÍA PERDIDO

adaptase as súas obras dramáticas, que gozaban xa de grande éxito, para guións cinematográficos.

Tennessee Williams morreu o 25 de febreiro de 1983 en Nova York. O seu cadáver apareceu no cuarto dun hotel e a prensa especulou con diversas causas. Todo parece indicar que foi unha morte accidental nun momento da súa vida en que o estaba pasando mal, deprimido pola morte da súa parella, vítima dun cancro fulminante. O forense ditaminou que Williams morreu asfixiado ao atragarse coa tapa dun dos frascos de narcóticos que consumía. Sempre quedou no aire a sombra da dúbida.

> José A. Ponte Far



Tennessee Williams en Nova York

difícil

ritores da literatura
nitaremos á
os, como a poesía e



WALTER ALBERTIN / LIBRARY OF CONGRESS

A súa obra dramática

O éxito e a fama chéganlle con *O zoo de cristal* (1945), plenamente autobiográfica, coa traxedia da súa irmá Rose ao fondo, e *Un tranvía chamado desexo* (1947). En Tennessee Williams, ambientado no sur dos Estados Unidos, nun mundo inmóbil, pechado sobre o seu pasado aristocrático que xa resulta irrecuperable. O seu prestixio como dramaturgo crece con cada estrea: *27 vagóns de algodón* (1946), *A rosa tatuada* (1951), *A gata sobre o tellado de zinc quente* (1955), *De súpeto, o último verán* (1958), *Doce paxaro de mocidade* (1959), *A noite da iguana* (1961) veñen consti-

tuír a culminación da súa obra literaria.

Neste período tan frutífero, o autor atopou unha grande riqueza temática nas súas propias contradicións e na súa personalidade. Non fixo máis que pór en boca dos seus personaxes os seus sufrimentos e angustias. Este intento de liberación psicolóxica a través da súa pluma levao a tratar asuntos escabrosos para a sociedade do seu tempo, como era o tema da homosexualidade e a ninfomanía. Se facemos caso ás fontes psicanalíticas de Freud, poderíamos dicir que as obras deste primeiro e exitoso período responden a este proceso. Protagonizadas por seres atormentados que padecen

grandes crises internas, personaxes inadaptados, heroínas tolas que convivían co desastre e a fantasía, machos brutais que as maltrataban... todos eles veñen reflectir a complexidade psicolóxica dalgúns seres humanos e a gran dificultade que ese tipo de xentes atopa para relacionarse cos demais.

En todo caso, estamos ante un dramaturgo dun enorme talento que se fixo acreedor de numerosos galardóns, entre os que destacan os seus dous premios Pulitzer (por *Un tranvía chamado desexo* e por *A gata sobre o tellado de zinc*) e os catro premios do Círculo de Críticos de Arte Dramática e o Kennedy Center Honor.

Tras a súa morte, o mundo artístico norteamericano quedou profundamente conmocionado. Marlon Brando, o seu atormentado Stanley Kowalsky en *Un tranvía chamado desexo*, plasmo con estas palabras o sentir do gremio do cine: «Sempre me sentín identificado con Tennessee: sempre contaba a verdade tal como a vía, e nunca daba as costas ás cousas que lle atemorizaban ou desagradaban».

Todos os grandes actores da súa xeración foron testemuñas do éxito das súas obras nos anos corenta e cincuenta. Pódese dicir que Williams cambiou o teatro nos Estados Unidos e desde alí exerceu unha grande influencia en todo o mundo.



Burl Ives, Elizabeth Taylor e Paul Newman nunha escena de «A gata sobre o tellado de zinc» (1958)

O cine aumentou a popularidade do dramaturgo

Varias pezas dramáticas de Tennessee Williams foron adaptadas ao cine, e o éxito acadado na pantalla aumentou a súa popularidade. El mesmo adaptou os guións e as películas foron dirixidas polos máis grandes da súa xeración, desde Joseph L. Mankiewicz ata John Huston. Dada a intensidade das tramas e a riqueza dos seus personaxes, estas adaptacións foron moi propicias para que actores de calidade lucisen o seu talento interpretativo.

Elia Kazan dirixiu en 1951 a primeira adaptación ao cine dunha obra de Williams, *Un tranvía chamado desexo*, interpretada por Marlon Brando e Vivien Leigh, que se conta entre as mellores das baseadas en textos do dramaturgo. Daniel Mann levou ao cine *A rosa tatuada* en 1955, con Anna Magnani, nun papel escrito expresamente para ela que lle deu varios premios de interpretación (Óscar incluído), e Burt Lancaster. Richard Brooks adaptou *A gata sobre o tellado de zinc* en 1958, con Elizabeth Taylor e Paul Newman como protagonistas, unha das películas de referencia obrigada se falamos das obras do xenial Tennessee na pantalla. E o mesmo Brooks dirixiu en 1962 *Doce paxaro de mocidade*, na que repite Newman e coa excepcional Geraldine Page recrean-



Marlon Brando e Vivien Leigh en «Un tranvía chamado desexo»

do eses ambientes entre sórdidos e claustrofóbicos que caracterizan as obras de Tennessee Williams. Mankiewicz estreou en 1959 *De súpeto o último verán*, cunha repartición estelar, como sucede en moitas películas baseadas en Williams: Elizabeth

Taylor, Katharine Hepburn e Montgomery Clift. Converteuse desde entón nunha das mellores, se non a mellor, translacións da súa obra á gran pantalla.

En 1961, Vivien Leigh repetiu con obra de Tennessee Williams acompañada por un xuvenil Warren Beatty en *A primavera romana da Sra. Stone*, dirixida por José Quintero. Talvez non suficientemente valorada no seu momento, a pesar de que gozou de gran popularidade. Cabe mencionar tamén a espléndida e escura versión que dirixiu John Huston en 1964 de *A noite da iguana*, con Richard Burton, Ava Gardner, Deborah Kerr e Sue Lyon, cuxa acción transcorre en México. Outros títulos, non tan recordados pero que merecen unha revisión, son: *Verán e fume*, de Peter Glenville (1961), cunha das grandes interpretacións de Geraldine Page, e *Propiedade condenada* (1966), de Sydney Pollack, con Robert Redford e Natalie Wood.

A partir de 1970, as obras de Tennessee Williams leváronse máis á pequena pantalla que ao cine, pero aínda atopamos unha interesante adaptación de *O zoo de cristal* (1987) dirixida por Paul Newman, con Joanne Woodward, John Malkovich e Karen Allen, rodada para a gran pantalla.

A voltas co «brexit»

Avances, escollos e nerviosismo nas relacións entre o Reino Unido e a Unión Europea para formalizar un acordo antes de que remate o prazo establecido

Cando se abriu oficialmente o proceso de retirada do Reino Unido da Unión Europea mediante a solicitude de activación do artigo 50 do Tratado de Lisboa, o 29 de marzo de 2017, empezou a contar o prazo de dous anos establecido para chegar a un acordo entre ambas as partes que regulase as condicións nas que se procedería a esta retirada. O prazo está a chegar ao seu final, e non se acadou aínda un acordo. Avanzouse en moitos aspectos, pero atopáronse tamén escollos que parecen insalvables e o nerviosismo parece incrementarse, sobre todo entre a poboación británica, cada día máis enfrontada con este tema. O que se presentou á sociedade como unha oportunidade de mellorar a xestión dos seus intereses e servizos, recuperando toda a súa soberanía e aforrando toda a súa achega económica a Europa, revelou-se que non era tan sinxelo e que pode ter graves consecuencias para a saúde económica e o benestar dos seus cidadáns. Chegamos ata este punto despois de percorrer este camiño.



RITA ÁLVAREZ TUDELA

> Fernando Pariente

Son moitos os ingleses que reclaman un segundo referendo sobre a desconexión

CRONOLOXÍA

ANO 2013

23 de xaneiro. O primeiro ministro inglés David Cameron promete convocar un referendo sobre a permanencia do Reino Unido na Unión Europea se gaña as eleccións do ano 2015.

ANO 2015

7 de maio. Cameron gaña con maioría absoluta dos conservadores as eleccións xerais.

8 de setembro. O Parlamento aproba a lei que autoriza a convocatoria do referendo da permanencia na UE.

ANO 2016

20 de febreiro. Cameron anuncia que o referendo se celebrará o 23 de xuño e informa de que o Goberno defenderá a continuidade en Europa.

23 de xuño. Celébrase o referendo e gañan por sorpresa os partidarios do *brexit* co 51,9 % dos votos. Cameron anuncia a súa dimisión.

11 de xullo. Theresa May é elixida como sucesora de Cameron á fronte do Partido Conservador.

13 de xullo. Cameron formaliza a súa dimisión e a raíña Isabel II convoca a May para que forme Goberno.

27 de xuño. A UE nomea ao ex-ministro francés Michel Barnier o seu negociador.

ANO 2017

17 de xaneiro. May anuncia que o *brexit* inclúe a saída da unión aduaneira e do mercado único, o

que veu en denominarse *brexit* duro.

24 de xaneiro. O Tribunal Supremo do Reino Unido determina que se necesita a autorización previa do Parlamento para consumir a saída da UE.

13 de marzo. O Parlamento aproba a lei do *brexit*, segundo a cal pode vetar o acordo que o Goberno acade sobre as condicións e as futuras relacións entre o Reino Unido e a UE.

16 de marzo. A raíña Isabel II sanciona a nova lei e deste xeito o proceso de saída queda listo para ser activado.

29 de marzo. O Reino Unido activa en Bruxelas o artigo 50 do Tratado de Lisboa. Empezan as negociacións. O proceso deberá concluír antes do 30 de marzo do 2019.

16 de abril. May convoca eleccións xerais pensando que ampliará a súa maioría e así terá maior respaldo nas negociacións.

15 de maio. O Parlamento escocés nega o seu consentimento á aprobación da lei do *brexit*.

8 de xuño. Os conservadores perden a maioría absoluta nas eleccións. May vese obrigada a pactar cos unionistas de Irlanda do Norte para gobernar e queda moi debilitada.

19 de xuño. Comeza a primeira rolda de negociacións.

8 de decembro. Hai un primeiro acordo: o Goberno británico acepta as condicións que impón a UE respecto da indemnización eco-

nómica que ha de pagar o Reino Unido como garantía dos dereitos dos cidadáns europeos residentes no seu territorio e sobre a necesidade de chegar a un pacto sobre a fronteira entre Irlanda do Norte e a República de Irlanda.

15 de decembro. O Consello de Europa dá luz verde para a segunda rolda de negociacións.

ANO 2018

19 de marzo. Chégase a un acordo provisional para establecer un período de transición tras o 30 de marzo de 2019: o Reino Unido non será xa membro da UE nin tomará parte en deliberacións nin na toma de decisións. A prórroga establécese só para o seu mantemento na unión aduaneira e o mercado único. Chegará ata o 1 de decembro de 2020.

9 de xuño. O negociador europeo, Michel Barnier, rexeita a proposta de May sobre a fronteira de Irlanda.

17 de outubro. As negociacións non avanzan, os escollos parecen insuperables. O Consello Europeo renova a súa plena confianza no seu negociador, Michel Barnier, e constata que non se lograron avances nas negociacións. Remite a unha convocatoria posterior do Consello Europeo cando Barnier informe de que se progresou no acordo de forma decisiva.

20 de outubro. Máis de 600.000 persoas manifestáronse no centro de Londres para esixir un segundo referendo sobre o *brexit*.

Asuntos que quedan por resolver

A estas alturas non sabemos se se chegará ou non a un acordo. Se non se acada, xerarase un envurullo xurídico sen precedentes. Os escollos máis importantes son os seguintes:

■ Definir a fronteira entre Irlanda do Norte e a República de Irlanda. Establecer unha fronteira formal, con aduanas, control de pasaportes e mercancías, pagamento de aranceis, etcétera chocaría cos acordos de paz alcanzados no Pacto de Venres Santo ou Pacto de Stormont, o cal crearía unha situación moi perigosa na zona.

■ Escocia esixe un novo referendo de independencia e o seu Parlamento non está de acordo co *brexit*.

■ O futuro status das relacións do Reino Unido coa UE representa un problema porque Londres quere manterse no mercado único e a unión aduaneira do xeito máis completo posible, pero non quere aceptar a mobilidade de persoas e capitais entre todos os países pertencentes á Unión. Esta condición é absolutamente ineludible para Bruxelas. Londres quere evitar as duras e estar ás maduras.

actividades

A1. O tema vai seguir estando nas noticias de cada día. Facede un seguimento deste proceso e ide engadindo datas importantes na cronoloxía que vos presentamos. Tedes outra oficial da UE na seguinte web:

■ <https://www.consilium.europa.eu/en/brexit/>. O proceso terá que terminar dun modo ou doutro.

A2. A idea de repetir o referendo véñse abrindo paso desde hai tempo entre algúns cidadáns británicos. Os políticos conservadores oponen a ela. Os laboristas tampouco se mostran moi proclives, aínda que parecen máis condescendentes. Facede un seguimento dela na prensa e os medios de comunicación.



Monumento a Francisco Javier Balmis en el paseo del Parrote, de A Coruña

JOSÉ CASTRO



Placas en la Domus con los nombres de los niños de la expedición Balmis

La expedición de la vacuna de la viruela, más actual que nunca

El viaje del médico Francisco Javier Balmis y 22 niños coruñeses logró llevar a América el remedio contra un mal terrible en la época

El 30 noviembre de 1803 partía del puerto de A Coruña la expedición que llevó la vacuna de la viruela a América. Capitaneados por el médico Francisco Javier Balmis, un grupo de 22 niños coruñeses transportaron en su cuerpo la valiosa vacuna. Se trataba de un largo viaje y esta era la única manera de conservar el fluido vacunal en buenas condiciones. Isabel Zendal, rectora del hospicio coruñés, acompañó y cuidó a los niños durante la travesía. Su entrega y dedicación la convirtieron en la primera mujer que participó oficialmente en una expedición científica. Los niños eran necesarios para conservar el virus vacunal: cada semana se inoculaban dos de ellos con el material obtenido de las pústulas de los vacunados la semana anterior.

Hacia principios del siglo XIX, A Coruña tenía unos 14.000 habitantes y era sede del órgano de gobierno del Reino de Galicia, razón por la que desarrollaba una importante actividad económica y política. De ahí que se eligiese como punto de partida de la Real Expedición Filantrópica de la Vacuna (REFV). Para asegurar el éxito del transporte hasta América, Balmis necesitaba 22 niños. Como prefería que estuvieran acostumbrados al mar, eligió los niños en las casas de expósitos de esta región costera.

La expedición de la viruela gozó de gran reconocimiento y valoración en la misma

época de su realización. Edward Jenner, descubridor de la vacuna contra la viruela, afirmó en 1806: «No me imagino que en los anales de la historia haya un ejemplo de filantropía tan noble y tan extenso como éste». Y Humboldt escribía en 1825: «Este viaje permanecerá como el más memorable en los anales de la historia». Se considera que entre las expediciones científicas promovidas por los reyes españoles, esta fue la más noble y humana, pues sirvió para vacunar a cientos de miles de personas, protegiéndolas contra la viruela. Hasta esa época, la enfermedad mataba, desfiguraba o incapacitaba a una parte muy importante de la población. Además, por orden real, la vacuna no podría ser objeto de comercio ni beneficio particular alguno.

Durante siete años los expedicionarios cruzaron océanos, selvas y cordilleras, sufrieron las fatigas del calor y de la enfermedad, lucharon contra rechazos sociales y vencieron trabas administrativas para que la vacuna llegara a todas las gentes de las tierras por donde pasaron. Y algunos también se dejaron la vida en este objetivo.

PRECURSORES DE LA PREVENCIÓN

Se considera que la REFV fue el primer programa oficial de vacunación masiva realizado en el mundo. Además de proteger a la población contra la viruela, se enseñaba la técnica de la inoculación y la forma de conservar el fluido vacunal, incluso se

llegó a fundar hospitales. Gracias a todo esto, la vacuna pudo difundirse libremente por el mundo. Fue el propio rey Carlos IV quien dispuso que se organizara una expedición científica con aquellos objetivos a los territorios españoles de ultramar. Por lo tanto, la expedición era un programa de gobierno organizado y financiado por España, y se acompañó de los documentos necesarios para que contara con el obligado apoyo de las autoridades e instituciones americanas y filipinas.

En su origen, la expedición responde a las peticiones de ayuda, procedentes de los territorios españoles de ultramar, para luchar contra la terrible viruela. La vacuna se había difundido por Europa, pero no había llegado a América al no conocerse ningún método eficaz para conservar el material durante la larga travesía del Atlántico (algo más de dos meses). La vacuna consistía en inocular el fluido fresco de las pústulas que aparecían en las personas que, no habiendo sufrido la enfermedad, pues si la hubieran pasado serían inmunes, habían sido vacunadas hacía poco tiempo. Pero estas pústulas solo duraban unos días. Para mantener activa la vacuna durante la travesía, como ya comentamos anteriormente, se programó una cadena de niños a quienes cada semana se les inoculaba pasándola de brazo a brazo.

> Patricia Barciela

Una voz para una gesta única

La Asociación Isabel Zendal nace en A Coruña en el 2016 para investigar, difundir y promover, en los ámbitos local, nacional e internacional, el protagonismo de Galicia en la REFV. Para valorar la importancia de esta participación, Enrique Bustamante, padre de la historia de la medicina mexicana, decía: «La expedición de la vacuna permanece inigualada y corresponde a sus miembros la primacía en la aplicación científica, a escala mundial, de un nuevo y maravilloso procedimiento preventivo». Este baremo nunca fue utilizado para valorar a los héroes de la mejor contribución filantrópica de Galicia a la humanidad.

Puedes conocer todas sus iniciativas en www.isabelzendal.com

La aventura llega a las aulas

Desde la Asociación Isabel Zendal y la Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional se ha elaborado una guía didáctica sobre la expedición. A partir de la pregunta «¿Cómo llegó la vacuna de la viruela a América?» se plantean diversas actividades educativas orientadas a los últimos cursos de primaria y todos los cursos de la ESO.

La guía se puede descargar bien en la página web de la asociación (<https://goo.gl/SrpzU5>) o bien en las aulas virtuales de formación de profesorado de la Consellería de Educación.



«La escuela de Atenas» (1510-1511). Pintura de Rafael Sanzio, en el Palacio Apostólico del Vaticano

El regreso a la filosofía

Parece que van a devolver a las aulas la filosofía que, pocos años atrás y de modo frívolo, otros quisieron hurtar a las nuevas generaciones. Fue aquella una triste decisión, cuando también suprimieron unas imprescindibles Ciencias para el Mundo Contemporáneo, que pretendían ayudar a los adolescentes a manejar las herramientas básicas para comprender el complicado mundo cambiante en el que viven y han de vivir todos, sean de ciencias o de letras. Quizás pensaron que esas cosas no eran productivas. No se dieron cuenta de que simplemente eran cultura. En la filosofía radica el ejercicio de la racionalidad, como en la ciencia se basa la referencia a la realidad.

Ambos aspectos del pensamiento son claves para desarrollar el espíritu crítico, para facilitar una reflexión válida sobre el mundo y el pensamiento actual. En particular, la filosofía es necesaria para comprender nuestras acciones y construir una sociedad abierta, reflexiva y plural, que sea resistente a dogmatismos, nacionalismos, populismos y totalitarismos. La filosofía, que nos ayuda a argumentar y a debatir, es por ello uno de los

pilares de la convivencia democrática.

Al principio había una sola filosofía, de aquellos que, literalmente, amaban el saber y pensaban buscando el conocimiento. A esa afición le fuimos poniendo luego apellidos para tener, por ejemplo, una filosofía moral, o ética, que se ocupaba de la bondad y maldad de las conductas humanas, o una filosofía natural, que abarcaba todo lo concerniente al conocimiento de la naturaleza y sus fenómenos; ese es el significado que tiene la palabra en el título de la obra cumbre de Newton: *Principios matemáticos de la filosofía natural*. Además, con el paso de los siglos, se fue haciendo la historia del pensamiento, diversificando filosofías y perspectivas, reinventando a los clásicos, planteando dudas y contradicciones, pero recurriendo sin cesar a la razón y a un mundo que nació en la antigua Grecia.

De aquel mundo fascinante tenemos un completo relato en la obra de Dióge-

Necesitamos la filosofía para hacernos resistentes a dogmatismos, nacionalismos, populismos y totalitarismos

nes Laercio, un historiador de la filosofía que en el siglo III escribió diez libros «sobre las vidas, opiniones y sentencias de los filósofos más ilustres». Es allí, por ejemplo, donde se encuentra la famosa anécdota del bípodo implume, referida a una definición del hombre elaborada más de cinco siglos antes y que muchos profesores usan para ilustrar lo que es el pensamiento crítico. Parece que Platón había definido al ser humano como un «animal de dos pies sin plumas», lo que llegó a oídos de Diógenes de Sínope (el cínico), que tomó un gallo, lo desplumó y lo arrojó a la Academia diciendo: «Este es el hombre de Platón». Por supuesto, no tuvieron más remedio que añadir a la definición «con uñas planas». Poco a poco, con sentido crítico, se avanza hacia una definición.

Valga como remate a esta reivindicación de la filosofía un recuerdo personal a los griegos más antiguos, los presocráticos y los jonios. La idea materialista que surge de Tales de Mileto (nacido en el siglo VII antes de Cristo) no solamente se identifica como el inicio de la filosofía, sino también como el comienzo mismo de la ciencia. Ellos me enseñaron a pensar. Ahora escribo, luego existo.

> Moncho Núñez Centella

actividades

1 El silogismo es la piedra angular de la lógica aristotélica, herramienta básica para la deducción. Concluye el más famoso de todos los silogismos:

- Todos los hombres son mortales
- Sócrates es un hombre
- Luego:



Los personajes centrales de «La escuela de Atenas» son Platón y Aristóteles, que van identificados por una de sus respectivas obras, «Timeo» y «Ética»

2 Ordena cronológicamente los siguientes filósofos: Platón, Aristóteles, Kant, Nietzsche, Tales, Occam, Sócrates, Descartes, Heráclito, Sartre, Rousseau, Bacon, Avicena.

3 En los debates parlamentarios y en las declaraciones de algunos políticos podrás encontrar numerosos ejemplos de sofismas, es decir, razonamientos falsos que pueden tener apariencia de verdad. Normalmente se usan para confundir, tergiversar o manipular. Identifica algún sofisma que te llame la atención y razona en qué consiste la trampa del argumento.

4 El rostro de la única mujer que aparece en el fresco de Rafael Sanzio se ha identificado con Hipatia de Alejandría, una filósofa y matemática que vivió en el siglo V y que por tanto no podía figurar en la obra de Diógenes Laercio. Sin embargo, éste incluye a Hiparquía en el tomo dedicado a los cínicos. Averigua datos sobre esta mujer, pionera de filósofas, que vivió en el siglo IV antes de Cristo.



Ipse dixit

La filosofía es en verdad una medicina del espíritu

Marco Tulio Cicerón (106-43 antes de Cristo)

Hay más cosas en los cielos y en la tierra, Horacio, que las que sueña tu filosofía

William Shakespeare (1564-1616)

El amor es la última filosofía de

la tierra y del cielo

Francisco de Quevedo y Villegas (1580-1645)

Las hipótesis no tienen cabida en la filosofía experimental

Isaac Newton (1643-1727)

No se aprende filosofía, solo se aprende a filosofar

Immanuel Kant (1724-1804)

La buena filosofía comienza con la duda y no acaba nunca con la obstinación

Ferdinand Galiani (1728-1787)

La verdadera filosofía es la independencia del espíritu humano

François-René de Chateaubriand (1768-1848)